

## **ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO, COA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO, MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.**

Sendo ás 09:30 horas, reúnese o tribunal nomeado mediante resolución da alcaldía núm. 98/2026 do 17/04/26, para o proceso selectivo para a formación dunha listaxe de funcionario/a interino/a, coa categoría de auxiliar administrativo (Grupo C, Subgrupo C2, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar), mediante o sistema de oposición libre:

### - Presidente:

Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

### - Secretaria:

Susana Nieto Santos, técnica persoal laboral fixo da administración local.

### - Vogais:

Sonia Marzoa Paz, técnica persoal laboral fixo da administración local.

Alba Aller Labandeira, administrativa funcionaria de carreira da administración local.

Antonia M.<sup>a</sup> Regueira Camaniel, auxiliar administrativa persoal laboral fixo da administración local.

Procédese á elaboración do segundo exercicio do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base sétima do mesmo, isto é:

*“SEGUNDO EXERCICIO.– Consistirá en contestar por escrito, no tempo de 60 minutos, á/ás pregunta/s teóricas e/ou exercicio/s prácticos plantexados polo tribunal sobre o contido do programa especificado no anexo I e as funcións propias de administrativo de administración xeral. Neste exercicio avaliarase a formación xeral e académica, a claridade, a orde das ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e a linguaxe administrativa.*

*Puntuarase cun máximo de 30 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 15 puntos. Corresponde ao tribunal determinar o nivel de coñecementos básicos para acadar a puntuación mínima.”*

Rematada a redacción do exame, procédese a súa impresión, tanto en lingua galega como en lingua castelá.

Sendo ás 10:00 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes de acordo ao establecido polas bases, isto é, comezando pola letra M seguindo a orde alfabética, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI, en base ao sorteo realizado ao abeiro do Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma do 20 de marzo de 1992 (DOG núm. 16, de 26 de xaneiro de 2026)

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

<b>DNI</b>	<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Asiste</b>
*4*5*9*1*	Nespereira Ventosela, Laura	SI
*9*1*9*7*	Pardo Leis, María José	NON
*1*6*1*1*	Paris Gómez, Iris	SI
*2*3*8*5*	Pérez Freire, Sergio	NON
*6*1*7*3*	Recarey Lema, Ana Pastora	SI
*6*1*2*4*	Sánchez Regueira, Teresa María	SI
*2*0*0*3*	Trillo González, María Belén	NON
*6*1*4*6*	Vázquez Rendal, Vanessa	SI
*5*6*3*8*	Castro Fernández, María Emma	SI
*2*0*0*0*	De Santiago Amondo, Erika	SI
*6*1*5*2*	Dorado Trillo, Francisco Borja	SI
*4*7*1*0*	Fernández Carreira, Inés	SI
*2*8*2*4*	Fernández Pérez, Daniel	SI
*2*3*4*0*	Fraga Piñeiro, José Luis	NON
*8*0*3*9*	Gesto Antelo, Sheila	SI
*8*0*5*5*	Lata García, Uxía	SI
*3*5*0*9*	López Bermúdez, Adrián	SI

Unha vez realizado o chamamento, procédese a comunicar os criterios de desenvolvemento e de avaliación do exercicio. Co fin de garantir o anonimato durante a corrección do exercicio, o tribunal acorda repartir a cada aspirante un código, introducido nun sobre pechado de maneira aleatoria, co fin de realizar unha corrección a cegas da proba, indicando que deberán colocar unha pegatina co seu código no exame, outra gardala nun sobre pechado cos seus datos persoais xunto co exame no momento da súa entrega, e outra para eles para poder identificar a súa puntuación na acta de resultados.

Sendo ás 10:12 horas iniciase o tempo de exame cunha duración de 60 minutos.

Finalizado o prazo concedido para a realización do exame (60 minutos), e unha vez que todos os aspirantes entregaron ao Tribunal os seus exames, procédese á corrección dos mesmos:

Realizada a corrección dos exames, resultan as seguintes puntuacións:

<b>Código</b>	<b>Puntuación</b>
AUX03	5,00
AUX04	5,00
AUX05	15,00
AUX06	22,00
AUX07	18,00
AUX08	24,00
AUX09	8,00
AUX10	15,50

AUX11	15,00
AUX13	17,00
AUX14	5,00
AUX15	15,00
AUX17	19,00

En base ao establecido na presente acta, unha vez rematada a corrección dos exames, procédese á apertura dos sobres que conteñen os datos personais de cada aspirante para identificar a puntuación obtida por cada un deles, do que resultan as seguintes valoracións:

<b>Código</b>	<b>Aspirante</b>
AUX03	López Bermúdez, Adrián
AUX04	Gesto Antelo, Sheila
AUX05	Fernández Pérez, Daniel
AUX06	Fernández Carreira, Inés
AUX07	Paris Gómez, Iris
AUX08	De Santiago Amondo, Erika
AUX09	Castro Fernández, María Emma
AUX10	Lata García, Uxía
AUX11	Recarey Lema, Ana Pastora
AUX13	Dorado Trillo, Francisco Borja
AUX14	Vázquez Rendal, Vanessa
AUX15	Sánchez Regueira, Teresa María
AUX17	Nespereira Ventosela, Laura

De conformidade coa base sétima, os aspirantes que superaron o segundo exercicio teñen acreditado o coñecemento da lingua galega (CELGA 3 ou equivalente), polo que están exentos da realización da terceira proba:

*“TERCEIRO EXERCICIO.– En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) terán unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.*

*Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.”*

Unha vez rematado o proceso selectivo, resultan as seguintes puntuacións totais dos aspirantes que superaron o proceso selectivo:

<b>DNI</b>	<b>Apelidos e Nome</b>	<b>1ª proba</b>	<b>2ª proba</b>	<b>Total</b>
*2*0*0*0*	De Santiago Amondo, Erika	21,90	24,00	45,90
*4*5*9*1*	Nespereira Ventosela, Laura	22,05	19,00	41,05
*4*7*1*0*	Fernández Carreira, Inés	18,60	22,00	40,60
*6*1*2*4*	Sánchez Regueira, Teresa María	24,75	15,00	39,75
*1*6*1*1*	Paris Gómez, Iris	19,05	18,00	37,05
*8*0*5*5*	Lata García, Uxía	20,70	15,50	36,20
*2*8*2*4*	Fernández Pérez, Daniel	21,00	15,00	36,00
*6*1*7*3*	Recarey Lema, Ana Pastora	18,90	15,00	33,90
*6*1*5*2*	Dorado Trillo, Francisco Borja	16,50	17,00	33,50

En base ao anterior, e de conformidade co establecido na base oitava, este tribunal propón a aprobación da seguinte listaxe de funcionarios interios para o posto de auxiliar administrativo

Sendo as 14:40 horas, levántase a sesión, en Curtis, 04 de maio de 2026

O presidente

A secretaria

Os vogais